



Colegio Plurilingüe Montegrande

**PROTOCOLO DE MEDIDAS
PARA O CURSO 2020/21
FRENTE A SITUACIÓN DO
COVID-19
VERSIÓN 02/09**



ÍNDICE

	PÁX.
1. ENTRADA AO CENTRO	3
2. SAÍDA DO CENTRO	5
3. MADRUGADORES	6
4. RECREOS	6
5. COMEDOR	7
6. CLASES E ACTIVIDADES	7
7. MEDIDAS HIXIÉNICAS	8
8. MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS	9
9. COMUNICACIÓN OBRIGATORIA DE SINTOMATOLOXÍA OU CONFIRMACIÓN DE AUSENCIA	10
10. MEDIDAS PARA O ENSINO TELEMÁTICO	11

PROTOCOLO DE MEDIDAS PARA O CURSO 2020/2021

Este protocolo está baseado nas medidas establecidas pola Consellería de Educación do 22 de xullo e coas modificacións do día 31 de agosto de 2020.

1. ENTRADA AO CENTRO.

Segundo o protocolo enviado pola Consellería de Educación en xullo, as familias non poderán acceder ao edificio salvo para citas administrativas previamente establecidas.

En caso de necesidade, utilizaranse os dous aparcadoiros situados no exterior do recinto, posto que se usarán as diferentes entradas ao edificio dependendo da etapa escolar.

- INFANTIL.

As familias aparcarán fóra do recinto e o alumnado poderá ser acompañado por un familiar ata o enreixado exterior de Infantil, onde os titores recibirán aos nenos e nenas.

- PRIMARIA, SECUNDARIA E BACHARELATO.

As familias accederán co seu vehículo ata o aparcadoiro de dentro do recinto na franxa horaria indicada na táboa. Non se poderá aparcар, polo que se seguirá un circuíto tal e como se mostra na imaxe. Neste circuíto existirá unha zona de parada momentánea para que cada alumno/a baixe do vehículo.



O profesorado esperará ao alumnado no mesmo aparcamento e vixiará que se cumpran as medidas de distancia mínima interpersoal na entrada ao edificio.

Con esta situación, o colexio estableceu unhas pautas e horarios de entrada e saída ao centro para evitar, na medida do posible, aglomeracións.

	CURSOS	Hora	Porta
ED. INFANTIL	4º, 5º, 6º EI	9:00 / 9:15 h	Entrada infantil
ED. PRIMARIA	1º, 2º e 3º EP	9:15 h	Porta principal
	4º, 5º e 6º EP	9:00 h	Porta principal
ED. SECUNDARIA E BACHARELATO	1º, 2º e 3º ESO	9:15 h	Patio cuberto
	4º ESO, 1º e 2º BACH	9:00 h	Patio cuberto

No caso das familias con varios fillos/as en diferentes franxas horarias priorizarase a entrada máis temperá. Realizarase a entrada pola porta correspondente a esa primeira hora.

Os alumnos e alumnas que cheguen fóra da súa hora de entrada (previo aviso ao titor/a) utilizarán o aparcadoiro exterior e serán acompañados/as por un familiar ata a entrada principal do colexio, onde o persoal do centro acompañará ao alumno/a ata a súa clase (infantil e primaria).

Recomendamos que a entrada e a saída dos coches se leve a cabo de forma alterna para evitar a aglomeración de vehículos.

A boa organización deste curso tan especial depende en gran medida do cumprimento dos horarios, polo que pedimos a máxima colaboración e puntualidade.

Non estará permitido a chegada do alumnado con anterioridade a súa hora de entrada establecida e indicada na táboa anterior (salvo o alumnado do servizo de madrugadores).

Cando o centro educativo dispoña de espazo para a entrada dos autobuses dentro do recinto permitirase a mesma con parada separada do restante alumnado. Este alumnado terá prioridade para entrada nas aulas con carácter xeral. No caso de que a parada se estableza na vía pública faranse ringleiras coa suficiente separación entre alumnos/as. A saída do alumnado transportado organizarase de xeito similar á entrada.

2. SAÍDAS DO CENTRO.

- EDUCACIÓN INFANTIL.

Utilizarase o aparcadoiro exterior. Poderá entrar unicamente un familiar, que se achegará ao enreixado de Infantil e será recibido polo profesorado que acompañará ao alumnado mantendo a distancia de seguridade.

- ED. PRIMARIA, SECUNDARIA E BACHARELATO.

Pola tarde seguirase o mesmo circuíto realizado durante a mañá. Cada curso, acompañado dun profesor, baixará ás zonas habilitadas. As familias poderán parar o seu vehículo momentaneamente para que os nenos e nenas poidan subir. Respectaranse ao máximo os horarios establecidos para cada curso.

Cando as condicións climatolóxicas o permitan a saída realizarase de forma graduada nas diferentes zonas ao aire libre habilitadas. No caso de que as condicións climatolóxicas sexan adversas habilitaranse zonas para a espera do alumnado.

No caso das familias con varios fillos/as en diferentes franxas horarias priorizarase a última hora de recollida. Exemplo: no caso de dous irmáns, un en terceiro de Primaria e outro en primeiro da ESO, a familia os recollería as 16:20 horas, hora de saída do irmán maior.

	CURSOS	Hora	Porta
ED. INFANTIL	4º, 5º, 6º EI	A partir das 15:30 h. Entre as 16 e 16.30h. para os que teñen irmáns no centro.	Porta infantil
ED. PRIMARIA	1º, 2º e 3º EP	16:00 h	Explanada principal Ximnasio
	4º, 5º e 6º EP	16:15 h	Explanada principal Ximnasio
ED. SECUNDARIA E BACHARELATO	1º, 2º e 3º ESO	16: 20 h	Patio Cuberto
	4º ESO, 1º e 2º BACH	16: 30 h	Patio Cuberto

Recomendamos a entrada e saída de coches de forma alterna para evitar aglomeracións de vehículos.

Cando o centro educativo dispoña de espazo para a entrada dos autobuses dentro do recinto permitirase a mesma con parada separada do restante alumnado. Este alumnado terá prioridade para entrada nas aulas con carácter xeral. No caso de que a parada se estableza na vía pública faranse ringleiras coa suficiente separación entre alumnos/as. A saída do alumnado transportado organizarase de xeito similar á entrada.

A boa organización deste curso tan especial depende en gran medida do cumprimento dos horarios, polo que pedimos a máxima colaboración e puntualidade.

3. MADRUGADORES.

O servizo de madrugadores comezará ás 8:00 horas. As familias que fagan uso deste servizo deberán escoller a quenda de entrada no mesmo: 8:00, 8:15 e 8:30h chamando ao centro. As familias poderán achegar os coches ata a entrada principal.

Só o alumnado de Educación Infantil poderá ser acompañado por un familiar ata a entrada ao edificio.

O alumnado permanecerá no comedor en lugares fixos e coas mesas organizadas por cursos. Serán acompañados por persoal do centro ata o lugar onde lle corresponda a entrada ás clases. O comedor será desinfectado unha vez remate este servizo.

4. RECREOS.

O centro estableceu unha quenda de recreos rotatorios para o exterior e unha quenda de recreos rotatorios para os recintos interiores para garantir que cada curso teña unha ampla zona de xogos diferenciada do resto dos cursos.

Priorizarase a quenda de recreos no exterior sempre que as condicións climatolóxicas o permitan. Cada día o alumnado de cada curso terá unha extensa zona no exterior para xogar evitando o contacto con alumnado doutros cursos.

Nos recreos será obrigatorio o uso da máscara.

5. COMEDOR.

A organización do comedor está pensada seguindo os criterios sanitarios establecidos pola Consellería de Educación.

O colexio estableceu quendas horarias para poder garantir a distancia mínima de seguridade establecida polas autoridades. Para iso, adaptouse o espazo do noso amplo comedor e o mobiliario do mesmo a esta nova situación. As mesas estarán organizadas por cursos e o alumnado dentro de cada quenda correspondente permanecerá en sitios fixos sen contacto co alumnado doutras clases.

Os alumnos e alumnas de Infantil, 1º e 2º terán a bandexa coa comida servida (sempre polas mesmas persoas). O resto do alumnado contará coas bandexas "semipreparadas" os útiles para comer (cubertos, panos de mesa e vaso) estarán preparados individualmente para cada alumno/a.

A comida sempre será servida pola mesma persoa. Os profesores e o persoal de apoio serán os encargados de servir a auga e a comida no caso do alumnado que queira repetir.

6. CLASES E ACTIVIDADES.

Priorizaranse ao máximo a realización de clases e actividades ao aire libre, tentado aproveitar a magnífica contorna do colexio.

- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

Pendientes de ver a posibilidade de realización das mesmas.

7. MEDIDAS HIXIÉNICAS.

- MATERIAL PERSOAL.

O material será persoal e intransferible.

O alumnado non poderá traer ao centro ningún tipo de material lúdico (balóns, cromos, revistas...) que sexa susceptible de ser compartido cos compañeiros/as.

- ENTRADAS.

Nos diferentes accesos ao edificio situarenses alfombrillas desinfectantes para o calzado e xeles hidroalcolicos para a desinfección de mans.

- ASEOS.

Cada etapa educativa utilizará os aseos localizados en cada súa planta.

O recinto total dos aseos non poderá ser ocupado por máis da metade da capacidade dos mesmos. Estarán dotados coas medidas hixiénicas establecidas pola Consellería de Educación: xabón, xel hidroalcolico, panos desbotables e lixeira con tapa.

O lavado de mans realizarase, cando menos, 5 veces ao longo da xornada, particularmente na entrada e saída ao centro, antes e despois do recreo, antes e despois de comer e sempre despois de ir ao aseo.

Realizarase unha limpeza rigorosa dos aseos ao longo do día e estarán permanentemente ventilados (3 veces ao día).

Na porta de cada aula colocarase un xel hidroalcolico e panos desbotables para usar tanto na entrada como na saída da propia aula.

O profesorado terá solucións desinfectantes en cada clase para o seu uso nas diferentes superficies e obxectos que sexan empregados.

- USO DA MÁSCARA.

O uso da máscara cirúrxica ou outra máscara hixiénica HOMOLOGADA (debe cumprir a normativa UNE0065:2020, especificar na súa documentación o número máximo de lavados permitidos e a talla debe estar adaptada a idade do alumno/a) será obrigatorio a partir dos 6 anos de idade con independencia do mantemento da distancia interpersonal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico.

O alumnado (a partir do nivel de Infantil) e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en tódolos espazos do centro educativo (tanto interiores coma exteriores), aínda que se cumpra coa distancia de seguridade.

Posto que o período de vida útil das máscaras cirúrxicas e das hixiénicas reutilizables é de 4 horas, será obriga do alumnado levar, como mínimo, unha segunda máscara de

recambio, así como dous estoxos específicos para gardalas en caso necesario (como por exemplo, no comedor), un para a máscara limpa e outro para a sucia.

- GRUPOS DE INFANTIL.

O alumnado de Infantil cambiará o calzado na súa entrada ó centro, debendo ter un calzado específico para o colexio. Os titores na reunións telemáticas darán pautas ao respecto.

8. MEDIDAS DE PREVENCIÓN BÁSICAS.

Tal e como indican as instrucións da Consellería de Educación, a medición de temperatura ou a avaliación doutros síntomas compatibles coa COVID-19 será realizada no seo da familia de forma diaria antes de acudir pola mañá ao centro escolar.

Para a detección precoz no alumnado, estes (ou os seus pais/nais/titores/as legais) realizarán unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2, cuxos resultados non teñen que enviarse ao centro, pero si comunicar a ausencia.

A enquisa clínico-epidemiolóxica (móstrase a continuación) debe realizarse, cada mañá, antes da chegada ao centro. Diante da aparición de, polo menos, un dos síntomas que aparecen na enquisa os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a ao centro educativo e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

O alumnado con calquera sintomatoloxía aguda NON pode acceder ao centro educativo.

No caso de que se detectase sintomatoloxía compatible na casa, o alumnado non acudirá ao centro e el/ela ou a súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno/a e con algunha das persoas membros do equipo COVID. Para a xustificación da ausencia, non será necesaria ningún xustificante médico, abondará co comprobante dos/as pais/nais ou titores/as legais. As ausencias derivadas desta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.

Ante a detección de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV- 2 nun alumno/a, durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase coa súa familia ou persoa de referencia, que deberá presentarse no centro á maior brevidade. Unha persoa da familia solicitará consulta telefónica co seu pediatra ou o seu facultativo que valorará a consulta presencial e a solicitude dunha proba diagnóstica. Habilitarase, dende o inicio do curso, un espazo específico de uso individual no centro para illar a aquelas persoas nas que se detecten síntomas mentres non se xestiona o seu traslado. Este espazo contará con ventilación adecuada, xel hidroalcolico, papeleira de pedal e panos desbotables.

O centro contará cun equipo formado na COVID-19 que será referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias.

9. COMUNICACIÓNS OBRIGATORIAS DE SINTOMATOLOXÍA OU DE CONFIRMACIÓN DE AUSENCIA.

O centro educativo informará, explicitamente e con confirmación de recepción da información, aos pais, nais e outras figuras parentais, ou ao alumnado maior de idade, de que o alumnado con calquera sintomatoloxía aguda NON pode acceder ao centro educativo. Para iso, o centro terá na páxina web un documento que toda familia deberá encher e entregar ó tutor/a do curso correspondente.

Nos próximos días enviaráselles o documento para dar conformidade ao protocolo.

10. MEDIDAS PARA O ENSINO TELEMÁTICO.

Ao longo do mes de setembro irán estando operativas as múltiples funcións da nova plataforma educativa que terá integrado “Moodle”, unha das mellores ferramentas de xestión de aprendizaxe.

Durante as primeiras semanas familiarizarase a todo o alumnado na utilización da nova plataforma, así como o acceso aos recursos e medios necesarios para o desenvolvemento da actividade non presencial, para o caso de que fose necesaria a súa utilización.

Irémovos ampliando esta información nas vindeiras semanas e nas titorías telemáticas.